

Europa

Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Os novos títulos universitarios.

As ensinanzas oficiais de posgrao: o doutoramento

Emilia Seoane Pérez

Conselleira EURES
(EUropean Employment Services)
Profesora da Universidade de Vigo

eures.universidade.emilia@uvigo.es


O proceso de adaptación das ensinanzas universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) contempla na súa estrutura, ademais dos estudos oficiais de grao, os de posgrao. Estes, á súa vez, abranguen dous niveis, que se corresponden co segundo e co terceiro ciclo universitario, sendo os estudos de doutoramento os que pertencen a este terceiro ciclo. Pódese atopar máis información en *Eduga*, números 49 (pp. 40-42), 53 (pp. 42-45), 54 (pp. 52-53) e 55 (pp. 50-51).

Entre os aspectos que caracterizan os estudos de doutoramento, cómpre salientar:

- Son unhas ensinanzas que teñen como finalidade a formación avanzada do doutorando nas técnicas de investigación para rematar coa posterior elaboración dunha tese de doutoramento.
- Estas ensinanzas inclúen un período de formación e outro de investigación.
- O acceso ao terceiro ciclo universitario pódese facer dende distintas situacións:
 - Cara ao período de formación, igual que no caso do mestrado oficial. Máis información en *Eduga* n.º 55 (pp. 50-51).
 - Cara ao período de investigación, dende:
 - Título de mestrado universitario.
 - Estar en posesión de 60 créditos ECTS (European Credit Transfer System) dun ou de varios mestrados universitarios.
 - Título de graduada ou graduado, cuxa duración fose de polo menos 300 créditos ECTS, conforme ás normas de Dereito comunitario.

EEES. Nova estrutura dos estudos universitarios

Fonte: BOE, 21 de agosto de 2007 (Versión adaptada pola autora do artigo)



- O período de investigación consiste na elaboración, defensa e presentación dun traballo de investigación orixinal denominado tese de doutoramento.
- A tese de doutoramento avalíase nun acto público, no que a persoa doutoranda a defende diante dos membros dun tribunal, constituído por doutoras e doutores, exercendo un deles de presidente.
- O tribunal emitirá un informe e a cualificación global concedida á tese na seguinte escala: non apto, aprobado, notable ou sobresaliente. O doutorando podería acadar tamén a mención de *cum laude* sempre que a cualificación global emitida fose de sobresaliente e que o tribunal, por unanimidade, emita un voto para o outorgamento da citada mención.
- A denominación do título universitario oficial que se corresponde con este ciclo universitario, é a de doutor ou doutora pola universidade na que o doutorando presentase e aprobase a súa tese, e, polo tanto, á que lle corresponde expedir o título.
- O título de doutor terá efectos plenos dende a data na que a persoa interesada efectúe o pagamento dos dereitos de expedición do mesmo, data que ademais será a que conste no título como a de obtención do mesmo.
- Unha vez superados estes estudos, a persoa interesada poderá solicitar, na universidade pola que acada o título, o Suplemento Europeo ao Título.

O 30 de setembro de 2015, quedarán definitivamente extinguidas as ensinanzas de doutoramento iniciadas con base en normativas anteriores á que se pon en vigor co Real decreto 1393/2007, de 29 de abril de 2007.

Mención europea do título de doutor

O título de doutor ou doutora, poderá levar a mención de “doutor europeo”, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Que ao longo do período de formación necesario para a obtención do título de doutor, a persoa doutoranda teña realizado unha estadía de polo menos tres meses noutro Estado membro da Unión Europea, na que, co recoñecemento da universidade de orixe, realice traballos de investigación ou curse estudos nun centro de investigación ou nunha institución de ensinanza superior.
- Que ao menos o resumo e as conclusións da súa tese de doutoramento, sexan redactadas e presentadas nunha das linguas oficiais da Unión Europea, distinta a calquera das oficiais de España.
- Que a tese fose informada por un mínimo de dous expertos pertencentes a algún centro de investigación ou institución de ensinanza superior, dun Estado membro da Unión Europea distinto de España.
- Que forme parte do tribunal avaliador da tese un ou máis expertos dalgún centro de investigación ou institución de ensinanza superior, dun Estado membro da Unión Europea distinto de España. Estes expertos deben estar en posesión do título de doutor e non ser responsables da estadía do doutorando no outro Estado da Unión Europea, nin tampouco actuar como informantes da tese, nin formar parte do tribunal que a avalía.
- A defensa da tese farase na propia universidade na que o doutorando estivese inscrito.

Esta mención de “doutor europeo”, aparecerá reflectida no anverso do título de doutor ou doutora.

Máis información:

www.micinn.es

- Lei orgánica 4/ 2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, que senta as bases precisas para realizar unha profunda modernización da universidade española.
- Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais.
- Orde ECI/ 2514/2007, de 13 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais de máster e doutor.
- Resolución de 16 de xullo de 2008 da Dirección Xeral de Universidades sobre diversos aspectos relativos ás ensinanzas de máster e de doutoramento na nova ordenación universitaria.

No próximo número:
O Marco Europeo das Cualificacións

Employment Week 2009 24-25 June 2009 16th Annual Conference & Exhibition

Employment
Week 2009



Os días 24 e 25 de xuño celebrarase a Semana do Emprego no Management Centre Europe de Bruxelas.

Esta actividade, que neste ano chega á súa 16.^a edición, ten como lema "Mercado laboral europeo: asegurando o crecemento a través do capital humano", temática sobre a que versarán as conferencias programadas para o evento.

De xeito máis concreto, no seu programa aparecen títulos tan suxestivos e interesantes como:

- O desenvolvemento das habilidades e a formación permanente/continua
- Adaptarse ao cambio e educar líderes para o futuro
- Competitividade e creación de emprego
- Innovación e economía verde
- Reestruturación e impacto sobre o mercado de traballo
- Avaliar o custo social do cambio
- Novas cualificacións para novos empregos
- Educación e cambios no mercado laboral.

Durante dous días, reúnense empresas e empregadores, axentes económicos e sociais, responsables de organismos europeos, persoas a título individual, así como expertos nos temas obxecto de estudo.

Os participantes, á parte de asistir a conferencias e seminarios, terán a oportunidade de visitar e de comunicarse con entidades, empresas e institucións que toman parte cos seus expositores. Tamén poderán coñecer a través dos relatorios, experiencias de boas prácticas relacionadas co Leonardo da Vinci, Comenius de mobilidade, Fondo Social Europeo (FSE), Fondo Europeo para o Desenvolvemento Rexional (FEDER), entre outros.

Máis información:

<http://www.employmentweek.com/cms.php?page=151>



Conferencia de ministros europeos responsables de Educación Superior

O 28 e 29 de abril, Lovaina foi o escenario da Conferencia de ministros europeos responsables de Educación Superior, acto no que participaban os responsables dos 46 países participantes hoxe en día no Proceso de Boloña.

As delegacións que forman parte do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), cada dous anos, xúntanse co obxecto de analizar os progresos acadados ata o momento, e para definir políticas e avanzar cara a unha Europa unida do coñecemento, a educación e a cultura. Durante a conferencia, presentábase un informe acerca da situación e dos progresos en aspectos clave da implantación do EEES.

Entre os puntos máis importantes que se analizaron no cumio, estaban:

- As políticas de apoio aos estudantes e o impulso á dimensión social do EEES, para que con independencia do seu nivel de renda, cheguen a todos os estudantes sen excepción.
- A mobilidade de estudantes, profesorado, investigadores e persoal de administración e servizos, entre os diferentes sistemas universitarios.
- A adaptación das distintas ensinanzas nun sistema de tres ciclos -grao, mestrado e doutoramento- recoñecible e homologable por todos os países do EEES.
- O establecemento dun marco nacional das cualificacións, como elemento imprescindible para facilitar a transparencia do sistema e a mobilidade.
- A aprendizaxe ao longo da vida, de xeito que o acceso dos estudantes ás ensinanzas poida darse en calquera momento da súa vida, facilitando, á parte, a compatibilidade entre estudos e traballo.

O documento, froito desta conferencia, é a "Declaración dos ministros participantes no Cumio de Lovaina", cuxo contido se estrutura en tres grandes epígrafes, ademais dun preámbulo.

As tres epígrafes levan os seguintes títulos e abordan temáticas como:

I. Logros e consolidación.

II. Aprender para o futuro: as prioridades da educación superior no próximo decenio:

- Dimensión social: acceso equitativo e culminación dos estudos
- Aprendizaxe permanente
- Empregabilidade
- A aprendizaxe baseada no estudante e o papel da ensinanza da Educación Superior
- A educación, a investigación e a innovación
- Accesibilidade internacional
- Mobilidade
- Recollida de datos
- Ferramentas de transparencia multidimensional
- Financiamento.

III. Estrutura organizativa e seguimento.

Ao mesmo tempo, os participantes quedaron emprazados para os días 11 e 12 de marzo de 2010, para a conferencia aniversario de Boloña que será organizada conxuntamente por Austria e Hungría e que se celebrará en Budapest e en Viena, baixo a presidencia de España, coincidindo coa presidencia da Unión Europea que asumirá nese momento.

Máis información:

<http://mepsyd.es/horizontales/prensa/actualidad/2009/04/comunicado-lovaina.html>

